

A GUÍA NECSIA

de marcas, misterios, sucesos increíbles,
inventos e outras marabillas

Texto de DAVID WAPNER

Ilustracións de MARC TAEGER

Tradución de RAMÓN NICOLÁS

Encadernado en cartonné. 16 x 16 cm. 48 páx. 12 €.

A guía Necsia (galego)

ISBN 978-84-15250-54-8. Fatoría K de Libros.

La guía Necsia (castelán)

ISBN 978-84-15250-53-1. Fatoría K de Libros.

GREAT FAZAÑA

Mentres corría unha carreira de cabalos en Lincoln, provincia de Bos Aires, o cabalo Mequetrefe gañou o Derby de Kentucky. O máis notable é que o seu xinete, que ao momento de saír do punto de partida era José Anastasio, cando se baixou do cabalo falaba inglés e se chamaba J. J. Ridley.

Unha árbore coas pólas e as raíces en posicións invertidas, un partido de fútbol cun balón para cada xogador, un bebé que nace varias veces ao día, un coche de madeira que se incendia ao poñelo en marcha... David Wapner xoga co absurdo, co imprevisible e co inimaxinable nos 41 textos experimentais que conforman "A guía Necsia": crónicas breves e poéticas de feitos remotos e orixinais, situacións cotiás e exóticas, experiencias entre o real e o onírico. Pola súa forma de narrar, plasmando a mentalidade aberta e espontánea do universo infantil, as súas obras non se axustan a ningún xénero. O "Gran Diccionario de Autores Latinoamericanos de Literatura Infantil e Xuvenil" refírese ás obras de David Wapner como "híbridos entre contos, testemuñas e documentos" nos que o autor "traballa coa fragmentación para traducir o caos propio da imaxinación e das asociacións libres" de conceptos e ideas, un estilo que favorece que "cada lectura dos seus textos signifique unha experiencia distinta para o pequeno lector".

As ilustracións de Marc Taegeer reforzan a abstracción e o surrealismo que caracteriza "A guía Necsia": figuras xeométricas de trazos grosos, escenas esbozadas como transparencias sobre texturas crómicas nas que se combinan brancos, azuis, vermellos, amarelos...



- **Temática:** textos experimentais, *nonsense*.
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos.
- **Aspectos destacables:** escrita creativa; diferenza entre realidade e ficción; arte abstracta; do ilustrador de "A verdadeira historia de Carapuchiña", "Aquiles o puntiño", "Garavanciño", "Tic-tac", "Artur".

David Wapner

(Bos Aires, 1957)

Poeta, narrador, dramaturgo e músico. Foi un dos fundadores da banda Gutural, coa que actuou en numerosos espectáculos durante os 80. Colaborou con varias publicacións culturais e literarias, como Extremaficción, da que foi director nos 90. As súas pezas teatrais representáronse en Arxentina, Chile, Bolivia. Publicou diversos libros de poesía e ficción para lectores infantís, polos que recibiu varios galardóns. Dende 1998 reside en Israel. Nos anos posteriores participou en traballos audiovisuais, exposicións multimedia e proxectos a través da Internet. Imparte obradoiros de escultura para público infantil e xuvenil. <http://davidwapner.blogspot.com.es>

Marc Taegeer

(Berna, 1963)

Viviu en Italia, Alemaña e Portugal. En 1975 instalouse en Barcelona, onde estudou deseño gráfico. Afincado actualmente en Galicia, traballa como ilustrador e deseñador. Animación, pintura, escultura e arte gráfica son algúns soportes nos que realiza a súa obra, que se expuxo en Luxemburgo, Alemaña, China, España, Francia, Costa Rica e noutros países. Polo seu traballo de ilustración e deseño en "A verdadeira historia de Carapuchiña" (KALANDRAKA), recibiu o Premio Daniel Gil de Deseño Editorial 2005. Tamén ilustrou "Tic-tac", "Aquiles o puntiño", "Garavanciño" e "Artur" (FAKTORÍA K). www.marquski.com

